



BASES DO XX CONCURSO CUAC FM DE BANDAS E SOLISTAS 2018

A emisora comunitaria da Coruña, CUAC FM 103.4, organiza a XX Edición do seu Concurso de Bandas e Solistas de diversos estilos musicais, con excepción da música clásica. O principal obxectivo será o de fomentar a cultura musical na nosa contorna, dándolle un valor engadido á música local, aínda que o concurso está aberto a bandas de todo o estado español.

Alcanzamos este ano a vixésima edición e incorpórase, como novidade con respecto a edicións anteriores, un premio específico á *Mellor Canción en Galego* grazas, un ano máis, á colaboración do Concello da Coruña no financiamento deste concurso.

O XX Concurso CUAC FM de Bandas e Solistas rexerese polas seguintes bases:

♪ **Primeira.**- Poderán participar neste concurso todos aqueles grupos musicais e/ou solistas residentes no estado español de calquera estilo musical, excepto GRUPOS OU SOLISTAS que editasen máis de **15 cancións de composición propia** independentemente do formato no que se fixeran. Computan tanto edicións físicas de CDs, vinilos, EPs, singles, como de edicións dixitais en plataformas como Bandcamp, Soundcloud e similares. Compútanse as cancións editadas co mesmo nome da banda ou solista.

O feito de editar as cancións cun **selo discográfico independente** ou ter contrato cunha distribuidora no exclúe de poder participar no presente concurso.

IMPORTANTE: As bandas e solistas que teñan contrato deben indicar o nome do seu selo ou distribuidora no formulario de inscrición.

En caso de non facelo serán descalificados.

♪ **Segunda.**- Cada participante deberá cubrir o formulario de inscrición que se atopa na páxina web de CUAC FM: <https://cuacfm.org/concurso-bandas/>

Se hai erros na inscrición, esta non será válida. En caso de duplicidade de inscrición só se tendrá en conta unha delas.

Ademais, debe enviar un mínimo de dúas cancións de composición propia en MP3 ou en formato físico. En caso de recibirse máis de dúas cancións, o xurado valorará as dúas primeiras por orde de chegada ou os dous primeiros cortes en caso de chegar en CD, pendrive ou similares.

A data límite para inscribirse correctamente e enviar as cancións é o 10 de xuño de 2018 ás 14 horas. O xurado escoitará dous temas por banda sen coñecer a quen pertencen.

O envío dos MP3 realizarase a través dunha ligazón de descarga que se deberá inserir no formulario de inscrición no espazo correspondente. En caso de producirse algún problema coa descarga a organización contactará por email para solucionalo.

Sistemas suxeridos (aínda que valen outros): Google Drive, Dropbox, WeTransfer, MEGA, UploadMe. Revisa que estean correctamente compartidos para evitar problemas de descarga.

A dirección para o envío de CDs físicos é:

XX Concurso de Bandas CUAC FM
CUAC FM, SAPE Pavillón de Estudantes
Campus de Elviña
15071 A Coruña

NOTA: Para liquidar dúbidas podes escribir correo a concursobandascuacfm@cuacfm.org

♪ **Terceira.-** Os xurados do concurso serán elixidos pola emisora CUAC FM en número impar, cun mínimo de cinco compoñentes, sendo na súa maioría persoas externas á emisora e o resto estará composto por socias e socios de CUAC. Estas serán elixidas pola súa traxectoria no mundo da música.

♪ **Cuarta.-** O sistema de votación será decidido polos membros do xurado, baseándose sempre nun sistema equitativo e ratificado por persoal da organización do concurso pertencente a CUAC FM.

♪ **Quinta.- PREMIOS.** Esta XX Edición conta de novo coa colaboración co Concello da Coruña, Concellaría de Culturas, co obxectivo de mellorar os premios e lograr unha maior difusión e dotación do concurso, así como unha maior repercusión para as bandas gañadoras.

Outorgaranse diversos premios ás mellores bandas ou solistas en dúas fases:

1ª Fase

PREMIOS EXCLUSIVOS PARA BANDAS GALEGAS

Grazas á colaboración co Concello da Coruña, establécense **4 gañadores** nesta XX Edición cuxo premio consistirá nunha **actuación no Festival Noroeste Estrella Galicia que se celebra no mes de agosto na cidade da Coruña e actuarán no escenario principal na Praia de Riazor os días venres 10 e sábado 11 de agosto antes dos cabezas de cartel.**

A organización do festival será a responsable de decidir os escenarios, día e hora nos que participarán as bandas gañadoras, sempre de forma coordinada coa persoa responsable da banda para facilitar a súa participación no evento. É requisito imprescindible actuar no Festival Noroeste para cobrar o premio.

Serán seleccionadas as **catro bandas ou solistas galegos** que obteñan máis puntuación nas votacións do xurado.

De entre as catro propostas gañadoras, **polo menos una (pero poden ser máis) será obrigatoriamente da Coruña.** Para considerarse banda da Coruña a metade dos seus compoñentes como mínimo deberán estar empadroados na cidade. O premio será para a banda local que obteña maior puntuación sexa cal for a orde obtida na clasificación xeral das bandas ou solistas galegos. Esta banda que logre a mellor puntuación obterá o **Premio á Mellor Banda Local.**

O premio económico será de 700 euros, sendo requisito imprescindible para obtelo actuar no Festival Noroeste Estrella Galicia 2018.

En caso de empate a puntos procederáse tal como indica o punto sexto das presentes bases.

As outras tres bandas galegas gañadoras recibirán unha remuneración de 600 euros por participar no festival.

A organización terá a potestade de contratar a máis bandas galegas (incluídas as bandas locais) que participasen no concurso. Neste caso a negociación do caché, así como data, hora e escenario será responsabilidade da organización do festival e a banda, sen ter CUAC FM intervención na citada negociación. Por tanto, participar neste concurso non exclúe a posibilidade de ser contratados pola organización do festival con anterioridade a coñecerse o veredicto do xurado.

Se se dá o caso de que unha banda gañadora xa estaba contratada para actuar no Festival Noroeste, deberá informar a CUAC FM desta situación e decidir se a actuación realízase como gañadora do Concurso ou fóra del.

Esta eventualidade non repercutirá no número de bandas galegas premiadas no Concurso de CUAC FM que participen no Festival Noroeste que sempre será de catro. En caso de renunciar algunha das gañadoras, convocaríase ás seguintes por orde de puntuación obtida.

A listaxe de gañadores das dúas fases farase público como data límite o 10 de xullo de 2018. En función da puntuación designaranse bandas ou solistas Finalistas Suplentes aos que se lles comunicará esta clasificación por se xorde algún problema cos gañadores (e non poden realizar a actuación) estean preavisados.

2ª Fase

PREMIO BATALLA DE BANDAS

IMPORTANTE: As bandas ou solistas que obtivesen premio na primeira fase **non poderán ser seleccionadas nesta segunda.**

Resultarán finalistas do concurso, con premio asegurado, os dous grupos que obtivesen un maior número de puntos, **a condición de que participen no Concerto Final do Concurso de Bandas CUAC FM**, que se celebrará o **sábado 6 de outubro de 2018** na **Sala Mardi Gras** da **Coruña**. En caso de non participar no concerto convocarase aos seguintes clasificados ata que 2 confirmen a súa asistencia. Cada grupo actuará 40 minutos. No repertorio pódense incluír un máximo de dúas versións.

O xurado estará composto por cinco ou sete persoas entre socias de CUAC e persoas externas á emisora. Este determinará, unha vez finalizadas as dúas actuacións da Batalla de Bandas, o primeiro e segundo premio que serán de **800 euros e 600 euros** respectivamente. Estes postos decidiraos o xurado en función da actuación realizada, sendo a súa decisión inapelable. En caso de non asistir algún membro do xurado no momento de comezar o concerto, a organización designará un novo membro entre os presentes (con preferencia para persoas de CUAC FM primeiro e persoal da Sala Mardi Gras en segundo lugar) para que sempre sexa un número impar.

O fallo definitivo, unha vez celebrado o Concerto Final, comunicarse directamente aos interesados tras a actuación ademais de difundirse en diversos medios de comunicación e en CUAC FM.

Os dous finalistas da Batalla de Bandas faranse públicos o día posterior á finalización do Festival Noroeste.

♪ **Sexta.- Premio especial á Mellor Canción en Galego.**

Por primeira vez nas XX edicións, establécese un novo premio que se outorgará á Mellor Canción en Galego de entre todas as recibidas. Este premio é compatible con outros recibidos nesta mesma edición. O premio será outorgado nunha votación especial dun xurado composto por persoas de CUAC FM e doutras emisoras comunitarias galegas en número impar (cinco ou sete persoas). A canción gañadora recibirá un premio de 300 euros. Este premio non implica realizar ningunha actuación. O recoñecemento será entregado, de ser posible, nun programa en directo de CUAC FM e emitirase o tema gañador íntegro con entrevista ás persoas implicadas na súa composición tanto na letra como na música.

♫ **Sétima.**-En caso de producirse empates nas puntuacións en calquera das dúas fases ou no premio á Mellor Canción en Galego, gañará quen obteña máis máximas puntuacións; en caso de continuar o empate, procederíase así cos seguintes niveis de puntuación ata lograr un desempate.

♫ **Oitava.**- As bandas xa premiadas en edicións anteriores do Concurso CUAC FM de Bandas e Solistas (antes chamado *Concurso de Maquetas*) non poderán participar no presente concurso.

♫ **Novena.**- A participación neste concurso implica a aceptación tácita da totalidade das súas bases. As cancións enviadas serán radiadas en CUAC FM. As bandas e solistas autorizan a emisión na citada emisora dos temas enviados, mesmo aqueles que non obtivesen ningún premio.

Se por algún motivo xustifico algunha banda ou solista desexan que os seus temas non sexan emitidos, debe solicitalo por escrito escribindo a concursobandas@cuacfm.org

♫ **Décima.**- Se a organización detecta o incumprimento dalgún apartado destas bases en calquera momento do proceso entre a convocatoria e a resolución do Concurso, a banda ou solista que incumprise as mesmas será descalificada inmediatamente.

Se se detecta algún incumprimento das bases unha vez realizada a actuación por parte dalgún dos gañadores, poderá solicitarse a devolución do importe económico do premio se xa se cobrou.

A Coruña, ao 7 de maio de 2018

Cuac FM XXII Anos de Radio Comunitaria dá Coruña

